

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

EXPOSICIÓN DE IMPLICAD@S NO DESENVOLVEMENTO

Unha boutique alternativa


Unha moza que se mira ao espello co seu baratísimo pantalón novo e ve unha chea de mulleres escravizadas nun taller. Unha camiseta con textos cosidos nos que teñen voz e nome todas as explotadas. Unha mestura caótica de "chourizos" de tea, perrucas, bonequiños, cabichas e alfinetes que leva o selo inconfundíbel de Las Pinguinas, ou a chaqueta de Andrea Costas, feita con etiquetas. Tres poemas de *Moda galega*, de María Reimóndez. Son algunhas das pezas "exclusivas" que podemos atopar en Maquila Boutique, unha exposición organizada por [Implicad@s no Desenvolvemento](#) e coordinada por Mar Caldas e Andrea Abreu, na que dez artistas plásticas galegas denuncian, a través da propia roupa, a explotación das persoas que traballan no sector téxtil.

- 12:46 18/12/2006

A Galería Sargadelos de Compostela acolle dende o venres 15 até o 21 de decembro unha exposición moi especial: trátase das pezas elaboradas por dez artistas plásticas galegas para denunciaren a explotación que viven moitas mulleres, nenos e nenas en todo o mundo por parte da industria téxtil. Organízaa Implicad@s no desenvolvemento, como unha actividade máis de Implic-Arte, complementaria a [Implicate! Noite da Palabra e da Música Solidarias](#). Nesta instalación a modo de tenda de roupa expóñense quince pezas, creadas a partir de roupa usada de compañías sobre as que existen informes de explotación laboral nos países do Sur.

Implic-Arte é un proxecto de InD no que se busca a colaboración con artistas de distintas disciplinas, para implicar ao mundo da arte e da cultura na cooperación ao desenvolvemento, na mesma liña có festival "Implicate!" Agora está en Compostela, pero agardan trasladala a outros puntos da xeografía galega para poder visibilizar unha situación sobre a que os consumidores teñen capacidade de decidir, como indicou María Reimóndez: "a

industria téxtil é das máis explotadoras. E non é unha realidade tan afastada a nós: como galegos e galegas temos unha responsabilidade". A figura de Renata Otero parece incitar a esa reflexión sobre o consumo: unha moza feita en madeira serigrafiada proba un pantalón (real) perante o espello, e mira a etiqueta: o pantalón custa 7.99 €. No espello, a silueta da rapaza contén imaxes de mulleres chinesas cosendo nun taller sen descanso e baixo a presión dos xefes berrándolles. Renata, presente tamén o día da inauguración, salientou o



importante que é para ela "que a arte se poida converter en plataforma para crear denuncia".

Como explica a comisaria, Mar Caldas, as intervencións foron sobre roupa xa feita, e mesmo usada, de marcas especialmente coñecidas pola súa metodoloxía. Sobre elas traballouse con texto, imaxe, pintura... "Máis alá do estético".

A primeira instalación que atopamos na sala, unha escultura tridimensional de Las Pinguinas (Natalia Umpiérrez e Sara García) non ten nada de bonito: cabelos artificiais, unha sorte de chourizos feitos con tea vermella, anacos de plástico e materiais do lixo, como cabichas, e alfinetes, nun remexido anguriente.



A propia Mar colaborou cunha peza de seu: unha camiseta negra na que comezou a bordar un texto con fio dourado, "Occidente", e lle queda a medias, coas agullas cravadas na tea. A seguir, atopamos a chaqueta de etiquetas de Andrea Costas, unha fotografía vaguesa moi nova que experimenta tamén coa performance e a instalación.

Ademais, dúas das artistas traballaron coa serigrafía: Carme Suárez bordou textos e serigrafou imaxe sobre traxes de muller, e Itziar Ezquieta (quen tamén participou no acto inaugural) traballou sobre dúas camisetas: unha negra cunha enorme avelaíña e outra branca, cun corazón (a representación naturalista do órgano) e texto. Carme Nogueira creou unha marca propia, "Saladitas", e traballou con ela en tres camisetas expostas como o estarían nunha tenda convencional: unha sobre un manequín e outras dúas no estante.



Berta Cáccamo pintou sobre unha camiseta púrpura, estendida como un lenzo, e por último, Rosalía Pazo Maside bordou nomes de mulleres e coseu textos traducidos de *Nube de algodón*. *Cartas dende a máquina de coser*, sobre unha blusa vermella.

Almudena Fernández Fariña vestiu un manequín cunha saia de cadros e unha camiseta con palabras como "salarios", "seguridad", "educación"... Todo o que dende esta exposición reclaman para todas as persoas explotadas neste sector.

Por último, tres poemas de *Moda galega*, de María Reimóndez, pechan a exposición. Aquí vos reproducimos un:

"Con toda a roupa
que as galegas consumimos
na nosa vida
poderíamoslle
facer un abrigo de inverno
á terra.
¡Que curriña había estar
para as marcianas
o planeta azul convertido en multicolor!"

